



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 22 de abril de 2009, adoptou o seguinte acordo:

ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA OBRA “REHABILITACIÓN DA CASA DA CULTURA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE”

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente a obra “Rehabilitación da Casa da Cultura e mellora da accesibilidade” á empresa Constructora OUTÓN S.L.U., co CIF n.º B-36046126, e domicilio na rúa Forxán n.º 38, Vichona, (CP 36960) de Sanxenxo, polo importe total de 568.680,27 €, cunha mellora sen custe adicional valorada en 43.324,39 €, un prazo de execución de cinco meses, e unha aportación de man de obra de trinta e un traballadores, sendo vinte e cinco deles do cadro de persoal da empresa e seis de nova contratación.

Segundo.- Notificar a adxudicación provisional aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

Terceiro.- Notificar esta resolución ao adxudicatario e requirilo para que no prazo de cinco días hábiles, contados desde a publicación deste acordo no Perfil do Contratante, cumpra cos seguintes trámites:

- Achegar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Seguridade Social, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.
- Constituír garantía definitiva por importe do 5 % do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar xustificante de ter aboado ao Concello o importe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Nomear Directora de obra á Arquitecta María Isabel Medraño Fariña.

Quinto.- Dar publicidade a adxudicación provisional deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante.

O que se fai público no Perfil do Contratante do Concello de Cangas o día 27 de abril de 2009.